



## **AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación**

**Curso Académico: Curso 2019-2020**

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2020-2021
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [MIXE-AM-1](#)
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 5 - Recursos materiais
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
      - [MIXE-AM-2](#)
      - [MIXE-AM-3](#)
      - [MIXE-AM-4](#)
      - [MIXE-AM-5](#)
  - Finalizadas Curso 2019-2020
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [MIXE-AM-1](#)
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 5 - Recursos materiais
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación
Mencións/Especialidades	<b>NON PROCEDE</b>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	<b>NON PROCEDE</b>
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	90 ECTS
Profesión regulada	<b>NON</b>
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2015/2016
Data acreditación ex ante (verificación)	30/04/2015
Data renovación acreditación	

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil formativo/egreso do título mantén a súa completa relevancia dada a importancia da temática específica do presente título referida ao significado social, político, laboral, cultural e profesional da cuestión da igualdade de xénero e das mulleres desde unha óptica da educación, socialización e formación humana en sentido amplo. Os contidos están plenamente actualizados segundo os requisitos académicos, epistemolóxicos, científicos e profesionais con vistas ás actuacións, intervencións e implementacións que se requiren das e dos profesionais e das investigadoras e dos investigadores que se forman nesta temática específica, é dicir, os contidos están plenamente actualizados, en especial, no referente ás necesidades actuais que precisan as e os profesionais e investigadoras/es nesta temática, por outra banda, especialmente demandada na actualidade. Cabe sinalar, ademais, que se observan e se están a examinar de forma constante os avances científicos e tecnolóxico-científicos, e particularmente o transcurso das necesidades sociais e prácticas (si cabe tamén, socioeconómicas) con vistas ao presente título.

Neste sentido, tal e como mostra o IN02M: **Matrícula**, que apunta ao “Número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming. Inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no título”, a demanda, isto é, a matrícula do máster, foi aumentando paulatinamente durante as últimas edicións (edición 2015-16: 22, edición 2017-18: 42) alcanzando no curso 2019-2020 o índice de 39,00. Tamén corroborado polo IN04M: **Matrícula de novo ingreso por preinscrición**, que calcula o “Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción”. Este indicador constata a Matrícula de novo ingreso por preinscrición (edición 2015-16: 22, edición 2017-18: 38) que alcanzou finalmente no curso 2019-2020 o índice de 35,00.

Recordamos que o máster ten unha frecuencia bienal por cuxo motivo aportamos os datos do comezo das edicións.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

De forma concreta e desde unha visión conxunta, o Plan de Estudos e o seu desenvolvemento, así como as actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, e, polo tanto, a propia oferta dos módulos e materias, se corresponden plenamente co previsto e establecido na memoria de verificación correspondente, tal e como foi posible comprobar no desenvolvemento das clases e da docencia no seu conxunto. Neste curso 2019-2020, comezou unha nova edición do máster, correspondendo o curso ao 1º e 2º semestre de formación que comprende, pola súa parte, as materias teóricas. O tamaño dos grupos foi certamente o adecuado para as actividades formativas.

Agora ben, cabe sinalar especialmente, que debido á situación excepcional en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, que levou na segunda parte do 2º semestre á paralización total da docencia presencial na USC, e ao estado de alarma en España promulgado posteriormente, concretamente a partir do día 13 de marzo de 2020, (Resolución Reitoral da USC 14.3.2020), que afectou tamén a este máster presencial, o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación non podía corresponderse durante o confinamento e de modo preciso do 13 de marzo de 2020 ata o final do curso co establecido na memoria de verificación. O desenvolvemento da docencia precisaba dunha adaptación a esta imprevisible situación de emerxencia, non contemplada, por razóns obvias, no seu momento na memoria de verificación. Neste caso foi necesaria unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional mencionada e seguir a docencia de forma non presencial (vía on line e Campus Virtual) a partir do 13 de marzo de 2020 ata o final do curso, como veremos nos apartados específicos correspondentes deste informe referente ao curso 2019-2020.

Desta forma introducíronse melloras organizativas en canto a docencia a desenvolver, isto é, foi necesario adaptar a organización académica a docencia non presencial, on line, vía videoconferencias e as aulas virtuais. Tamén foi preciso reorganizar as avaliacións en todas as materias teóricas impartidas e tamén para a defensa dos TFM que no caso de este máster eran algunhas pendentes do curso 2018-2019 da edición anterior do máster. Estas adaptacións, impulsadas e levadas a cabo claramente coa intención de efectuar melloras na docencia que xa non podía seguir de forma presencial pola suspensión da actividade académica presencial debido a situación sanitaria, foran introducidas nas distintas guías docentes das materias por parte de cada profesora/profesor que tenia docencia durante este tempo coa axuda organizativa constante da coordinación do máster en colaboración co equipo decanal e a comisión de calidade do centro, así como a comisión do título do máster, referíndose a segunda parte do segundo semestre (desde o 13 de marzo hasta final de curso).

Estas adaptacións e melloras teñen seu reflexo nas *Medidas especiais como consecuencia do COVID-19 do curso 2019-20 da facultade* (Ver: [https://www.usc.es/gl/centros/cc\\_educacion/medidas\\_especiais\\_covid\\_19\\_curso19\\_20.html](https://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/medidas_especiais_covid_19_curso19_20.html)) e, en concreto, nas guías docentes, publicadas na paxina web correspondente do centro.

Así fixéronse e contempláronse as modificacións da avaliación das materias referente ao 2º semestre e a 2ª oportunidade das materias do 1º semestre, tal e como recolle e foi comunicado e publicado no seu momento no documento publicado na citada paxina web do centro. Mesmamente fixouse neste sentido unha modificación das avaliacións dos TFG y TFM das 9 titulacións do Centro, tamén comunicado e publicado a través da paxina web do centro, que no presente caso afectou as 4 TFM pendentes e matriculadas do curso e da edición anterior do máster (Vexase: *Modificación da avaliación das materias (2º semestre e 2ª oportunidade de materias de 1º semestre*: [https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc\\_educacion/descargas/Decanato/2020\\_04\\_](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/2020_04_)

29\_Resolucion\_decanal\_19\_20.pdf e *Modificación das avaliacións dos TFG y TFM das 9 titulaciones do centro:*

[https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc\\_educacion/descargas/Decanato/19\\_20\\_Resolucion-Decanal-Avaliacion-TFG-e-TFM-Facultade-de-CC-da-Educacion-18-Maio-2020.pdf\\_asinado-3.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/19_20_Resolucion-Decanal-Avaliacion-TFG-e-TFM-Facultade-de-CC-da-Educacion-18-Maio-2020.pdf_asinado-3.pdf)).

Tamén nos gustaría subliñar que sendo conscientes das grandes dificultades que supoñía a tarefa docente nestas circunstancias para todas as partes implicadas, o profesorado, alumnado, coordinacións, equipos directivos e técnicos, PAS, etc., mas especialmente para o alumnado, desde o centro organizouse no mes de abril de 2020 unha enquisa para coñecer as necesidades do alumnado para o seguimento e a súa avaliación nas diferentes materias, con datos diferenciados por título e alumnado. Aínda que as respostas foran bastante escasas, tamén debido a propia situación vivida, no caso do presente máster aportou datos para coñecer situacións persoais de dificultades en dos casos. Mais aló do coñecido polo contacto directo co alumnado vía e-mail etc. por parte a coordinación e do profesorado, permitiu unha maior comprensión dalgunhas situacións persoais da dificultade de seguir a docencia e en parte emprender accións específicos de apoio para as/os estudantes afectados como falar co profesorado referente a atrasos na entrega de traballos por problemas técnicos e de saúde, por exemplo.

De modo mais amplo, tamén mencionar as actuacións desde o comezo da situación excepcional do PLAN COVID19 da facultade que axudou, sen dubida, ao desenvolvemento adecuado da situación específica provocada pola situación da pandemia, especialmente durante o confinamento, das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación.

No que respecta á participación do alumnado en programas de mobilidade, é mester sinalar, que ata o momento non existiu tal participación en termos estritos polos aspectos singulares e a idiosincrasia do presente máster (un programa trans e multidisciplinar na temática Igualdade, Xénero e Educación, frecuencia bienal do máster, etc.) que dificulta o establecemento de programas específicos de intercambio de máster, que require habitualmente un programa de intercambio cun máster das mesmas características e cun plan de estudos moi parecido. Con todo, habemos de subliñar que se están establecendo contactos respecto diso, buscando e concretizando propostas específicas desde a coordinación do máster a través dos programas Erasmus coa Johann Wolfgang Goethe Universität, Philipps Universität Marburg, Universidade de Coimbra, Universität Koblenz, entre outras universidades e no contexto dos Convenios Bilaterais existentes entre a USC e outras Universidades como é o caso da Universidade Estadual do Sudoesta da Bahia-UESB, Brasil, e do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero/CIFEX da USC e o Museu Pedagógico-UESB no contexto extra comunitario internacional. Isto si, cabe resaltar a xa existente posibilidade de intercambios para o alumnado no marco dos convenios e contactos científicos existentes antes mencionados para a realización das prácticas e estancias de investigación en relación coa elaboración dos TFM, que, por outra banda, foi utilizada con eficacia nas anteriores edicións do Máster-Doutoramento en Educación, Xénero e Igualdade, cuxa traxectoria segue o presente Máster Igualdade, Xénero e Educación.

De feito durante o curso ao que se refire este autoinforme, tendo una alumna de intercambio da Universidade Estadual do Sudoesta da Bahia-UESB, Brasil, no Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero/CIFEX da USC que participaba nas actividades académicas e docentes do presente máster, dificultouse esta estancia e pola situación sanitaria a partir do mes de marzo xa non foi posible a realización de intercambios, nin sequera das profesoras e profesores, nin de traballar na formalización dos contactos. A coordinadora, en lista de espera para un intercambio docente coa Johann Wolfgang Goethe Universität de Frankfurt (Alemaña) durante o curso 2019-2020 e en contacto con esta universidade, finalmente, non logrou concretar máis o establecemento dun intercambio para o alumnado do máster.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En todos os módulos existe unha coordinadora/coordinador (coordinación horizontal que se complementa coa coordinación vertical entre as diferentes materias exercida pola coordinación do máster conxuntamente co profesorado e concretada nas reunións do profesorado) que se ocupa de garantir a comunicación e coordinación entre o profesorado implicado na docencia correspondente dos diversos módulos e materias, que permite a análise do desenvolvemento do plan de estudos co fin de evitar baleiros, solapamentos e duplicidades.

A parte do comentado, estimamos como instrumento particularmente útil para a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos, que no noso caso mostrou a súa eficacia respecto diso, o intercambio de ideas, experiencias e o debate que se produce de facto nas reunións do profesorado.

Entendemos, ademais, que a coordinación adecuada refléxase no grao de **Satisfacción do alumnado coa docencia recibida** (IN46M) para o curso 2019-20 que refire a “*valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida*” e que “*permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben*”. Este indicador aduce un índice alto dun 4,14, cifra que mostra un claro aumento con respecto ao curso 2017-2018 cando foi dun 3,40 e incluso da edición do curso 2015-2016 cun 3,76. Este grao de *Satisfacción do alumnado coa docencia recibida* coincide en alto grado durante o curso 2019-2020 coa *Satisfacción do profesorado coa docencia impartida* (IN47M) que se sitúa no 4,28 no grupo do profesorado. En cuanto ao tema da coordinación, concretamente o *item: A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?* (INF.14), corrobora a eficacia da mesma cunha media dun 4,50, efectivamente, un índice moi alto.

No referente ás prácticas externas, lembramos que pola organización bienal do máster, durante o curso 2019-2020 non se impartiron. Este curso correspondeu soamente á docencia epistémico-teórica, isto é, ás materias teóricas. Agora ben, no referente ás prácticas existen tamén mecanismos de coordinación, neste caso trátase da coordinación permanente entre a titora académica e as titoras profesionais e científicas que permiten e garanten ás e ós estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas. Un dos mecanismos que permite a coordinación entre a titora académica e as titoras profesionais, a parte do contacto directo, reside en ter en conta de forma específica a avaliación das titoras profesionais por parte da titora académica que se considera como un feedback específico de coordinación permanente.

É importante sinalar, neste sentido e con vistas ao curso actual (2020-2021), que nas conversas coas titoras e os titores das institucións das prácticas externas, contemplouse a celebración dunha reunión con estas titoras e estes titores das prácticas externas para o segundo semestre do curso 2019-2020 con vistas á organización e por mor das novas prácticas a realizar durante o primeiro semestre do curso 2020-2021, cuxa planificación, reunións e seminarios co alumnado organizanse a partir dos meses abril/maio do curso anterior. Pola paralización das actividades institucionais e o confinamento da poboación por mor do COVID-19, non foi posible desenvolver esta reunión, nin sequera por videoconferencia ou de forma on -line pola imposibilidade de poder contactar coas institucións. Polo tanto, compre dicir que a situación da pandemia afectou claramente ao desenvolvemento e á

organización das prácticas do máster para o curso 2020-2021 (3º semestre do máster), mais esta cuestión será obxecto do informe correspondente ao curso 2020-2021.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Obsérvase un alto grao de coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado finalmente no título debido aos criterios de admisión aplicados que contempla o ingreso de tituladas e titulados que facultan, no senso amplo, para actuar, tamén académica e cientificamente, no campo profesional da formación, educación e socialización humana.

#### **1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Estímase que a aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de máster, prácticas externas, ...), tanto do EEES como das do Estado e das propias da Universidade de Santiago adáptase ao propio espírito das mesmas, feito que facilita e contribúe á eficiencia nos resultados e no desenvolvemento do propio título, neste caso do *Máster en Igualdade, Xénero e Educación*. Respecto diso temos sempre como referencia presente as competencias previas das e dos estudantes e as competencias previstas no presente título, tanto básicas, como xerais e específicas.

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

#### **2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.



**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A institución universitaria compostelá (USC) está especialmente preocupada pola publicación da información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, está a revisar constantemente e optimizando a información sobre o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados. A información sobre o título é facilmente accesible, actualizada e plenamente coherente cos contidos da memoria verificada. O número das/os matriculadas/os no curso 2017-18 e no curso 2019-20 (había máis demanda que prazas) mostra que existe un fácil acceso á información relevante do título para todos os grupos que mostran interese no mesmo. Cabe destacar tamén que existen canles de información pormenorizada que complementan a información publicada por parte da USC e do centro responsable (Facultade de CC. Educación), por exemplo, folletos de información distribuídos e a información correspondente ofrecida por parte do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero/CIFEX da USC, (a través da páxina web do *Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero/CIFEX* da USC), a parte da información persoal, xeralmente específica, que se solicita á coordinación do máster vía e-mail ou teléfono.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, especialmente desde a óptica do centro que é a Facultade de CC. Educación, xa que se desenvolveron os procedementos necesarios para asegurar a súa calidade, entre eles; o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Simplificado do SGIC e a Memoria de Calidade do Centro. Na páxina web da Facultade, ofrécese un acceso directo á sección de Calidade, na que aparece reflectida toda a información relativa á mesma: memorias verificadas, manuais do SGIC, informes de seguimento, etc.

Aínda que as enquisas de avaliación do profesorado e estudantes e doutros grupos de interese serían o método máis eficaz para coñecer a satisfacción cos procesos levados a cabo nas aulas, a realidade é que a taxa de resposta é moi baixa, o que seguimos considerando un aspecto para mellorar, cuestión que contemplaremos na acción de mellora ao respecto. É un problema para resolver tanto a nivel centro como a nivel titulación, xa que as canles de resposta das enquisas establécense a partir do voluntarismo dos participantes, o que pode inclinar o equilibrio das respostas de quen está moi satisfeito ou moi descontento, perdendo información moi valiosa para a mellora dos procesos. Con todo, é necesario destacar que a comunicación co grupo de estudantes e os seus representantes na Comisión do Título do

Máster proporciona información importante para a mellora e o reaxuste dos procesos que se ten en conta especialmente.

No curso 2018-19 afrontouse unha nova revisión do SGIC no seo da Facultade de CC. Educación unha vez que, en febreiro de 2018, foi revisado o SGIC marco da USC e este reto recolleuse nas accións de mellora dos centros implicados nesta titulación no curso 2018-2019.

En suma e referíndonos ao curso 2019-2020, obxecto deste informe de autoavaliación, no presente caso observamos que os procedementos de análise de resultados que permiten o seu uso para a toma de decisións e a mellora da calidade do título son eficaces e estanse a desenvolver de acordo aos criterios establecidos, especialmente os procedementos de avaliación do ensino e do profesorado. Desde a coordinación do máster e do profesorado estase en contacto permanente co alumnado para garantir a máxima implicación das e dos estudantes nos distintos procesos de avaliación (por comunicación oral persoal, vía e-mail, así como a través do Campus Virtual) aínda que todo iso foise complicando a partir do día 13 de marzo de 2020 pola paralización das actividades institucionais e o confinamento da poboación por mor do COVID-19. A partir deste momento todas as comunicacións tiñan que ser vía on-line (correo electrónico, aula virtual ou videoconferencia); non podía ser de forma persoal e en contacto directo. Sen dúbida, o cambio deste contacto permanente non foi fácil para o alumnado e para o profesorado e dificultou tamén a cuestión dos mecanismos de garantía de calidade, a pesar da intención do SGC, da coordinación do máster e da mesma USC de prestar un máximo de apoio, tamén tecnolóxico para substituír o contacto persoal mediante a comunicación vía on-line.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Completouse como acción de mellora do título no seu momento a información presente na páxina web da Facultade referente á listaxe detallada sobre os TFMs defendidos nas edicións anteriores con titoras/es para dar visibilidade ao coñecemento producido. Ao mesmo tempo tamén se achegou na mesma páxina web da Facultade de Ciencias da Educación da USC a listaxe completa dos convenios existentes coas institucións sociais, políticas, administrativas e educativas onde se desenvolven as prácticas profesionais do Máster, feito importante no curso 2018-19 por ser ese curso, no caso do noso máster que é máster de frecuencia bial, o segundo ano do máster cando se realizan as prácticas externas e o TFM. Estes documentos foron actualizados e adaptados a finais do curso 2019-2020 co vistas ao curso 2020-2021, de novo un curso no cal se cursan as materias mencionadas.

Colocouse así mesmo na paxina web do título do máster do centro o *REGULAMENTO SOBRE O TRABALLO DE FIN DE MÁSTER DO MÁSTER IGUALDADE, XENERO E EDUCACION* (Aprobado pola Comisión do Título do Máster Igualdade, Xénero e Educación na súa reunión do día 18 de xullo de 2018).

En xeral, os plans de mellora que recolleran no seu momento as recomendacións correspondentes do proceso de seguimento da Acreditación dos Títulos impartidos na Facultade de Ciencias da Educación foron eficaces e, polo tanto, conseguíronse os obxectivos expostos. Concretamente ao longo do curso 2019-2020 fíxose o seguimento habitual de calidade do máster facilitado polo SGC, aínda que, neste curso foi importante a adaptación á situación da Pandemia do COVID 19, especialmente, a adaptación xa mencionada da docencia que tiña que ser de forma on-line polo confinamento. Neste caso foi necesaria unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional mencionada e seguir a docencia de forma non presencial (vía on line e Campus Virtual) a partir do 13 de marzo de 2020

ata o final do curso, cuestión que precisou un cambio da metodoloxía académico-docente que foi contemplado e introducido nas guías docentes. Estas adaptacións incluían, asemade, a parte das metodoloxías docentes os sistemas de avaliación e cualificación, tendo en conta as resolucións e instrucións da reitoría ao respecto, tal e como xa se comentou no punto 1.2. (pax. 5-6) do presente autoinforme.

En canto ás accións de mellora, é importante sinalar a MIXE-AM-1 (Curso 2019-2020) que tiña por obxecto o **Criterio 1: Organización e desenvolvemento** e foi xustificada pola situación excepcional en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, que levou na segunda parte do 2º semestre á paralización total da docencia presencial na USC, concretamente a partir do día 13 de marzo de 2020 que complicou o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación que precisaban dunha adaptación a esta imprevisible situación de emerxencia, non contemplada, por razóns obvias, no seu momento na memoria de verificación. Neste caso foi necesaria unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional mencionada, tal e como se explicou xa no punto 1.2. (pax. 5-6) do presente autoinforme.

Esta acción de mellora contemplaba procurar desde a coordinación do Máster unha adaptación específica da docencia do máster en canto ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación á situación excepcional mencionada e seguir a docencia de forma non presencial (vía en liña e Campus Virtual) a partir do 13 de maio de 2020 ata o remate do curso 2019/2020.

A tarefa concreta foi neste caso lembrar e actuar desde a coordinación do máster para lograr unha adaptación específica da docencia do máster en canto ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación á situación excepcional mencionada e seguir a docencia de forma non presencial (vía en liña e Campus Virtual) a partir do 13 de maio de 2020 ata o remate do curso 2019/2020 (guías docentes, uso Campus Virtual, docencia en liña, formas de avaliación, etc.), propósito que foi, ao noso entender, completamente acadado no período indicado para elo: Finalización: 31/07/2020; Inicio: 13/03/2020. E polo tanto, enténdese que esta Acción de mellora foi finalizada con éxito.

Agora ben, gustaríanos destacar, que debido a esta situación grave da pandemia así mesmo foi necesario especificar 3 escenarios diferentes para o curso 2020-21 en canto a metodoloxías docentes, titorizacións, avaliacións etc., que se reflexou nas guías docentes correspondentes ao respecto para o curso 2020-2021 referente ás materias a cursar durante este curso (3º semestre do máster): prácticas externas e TFM, cuestión que, con todo, terá seu reflexo no informe de autoavaliación no tocante ao curso mencionado.

Tamén sinalar aquí, referente ao último informe favorable de renovación de acreditación do máster, o que xa se comentou no informe do curso pasado (2018-2019) ao respecto das prácticas externas, aínda que non se impartiron no curso 2019-2020, segundo é sabido. No apartado "Aspectos de obligado cumprimento" indícase que: "el número de horas de las prácticas externas no se ajusta al número de créditos de la materia. Las 150 horas presenciales se consideran escasas para una materia de 15 ECTS que cuenta con un margen suficiente para aumentar hasta 375 horas presenciales", reiteramos que entendemos que esta apreciación debe ser unha apreciación errónea ou corresponder a unha equivocación. Os 15 ECTS no sistema da Universidade de Santiago de Compostela corresponden ás 375 horas totais no cálculo final que comprende o traballo previo e posterior de preparación, o tempo durante o cal se desenvolven actividades presenciais na Facultade e as horas de estancia e intervención nos centros e institucións das prácticas, a saber, desas horas totais, no caso do noso máster, 150 horas corresponden a estas últimas, 75 horas a actividades presenciais de preparación que teñen lugar na Facultade e 150 horas que corresponden ao traballo autónomo/persoal do alumnado (preparación previa e posterior das xornadas presenciais e das intervencións nos centros de prácticas, reflexións e a elaboración da memoria de prácticas). Unha distribución diferente non se correspondería coa filosofía do sistema EEES por cuxo motivo tampouco procede nese caso contemplar unha acción de mellora.

Desde a perspectiva da Facultade de Ciencias da Educación os documentos que conforman o SGC son, o Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade e o Manual de Procesos e Procedementos. Ambos documentos, así como o Manual Simplificado do Sistema Interno de Garantía de Calidade, están dispoñibles a través da páxina web da Facultade que imparte o título. Tamén se realiza, anualmente, unha Memoria de Calidade que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de mellora do centro, incluídas as accións de mellora derivadas do seguimento do título. O seguimento das melloras que se presentan no apartado 3 (plans de mellora) confirma, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para o logro dos obxectivos establecidos na memoria de verificación do título, de acordo coas recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento.

### **3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tal e como xa puidemos comprobar en anos anteriores con respecto ao SGC, o sistema de calidade da propia universidade prevé a participación de todos os grupos de interese en distintas canles participativas (nos distintos niveis da USC, por exemplo, no Claustro Universitario, nos Centros, nas Titulacións, etc). Especialmente importantes son no noso caso os servizos de garantía de calidade no contexto onde se imparte o presente Máster, que é a Facultade de Ciencias da Educación. Este centro conta cunha comisión de calidade na cal participan todas as coordinadoras e todos os coordinadores das titulacións e o mesmo equipo decanal. Nesta comisión participa tamén activamente a coordinación do presente máster. É especialmente neste espazo da comisión de calidade do centro onde se discuten, propoñen e analízanse os plans de mellora (responsabilidades, calendario de execución, etc.). Tamén é importante sinalar que todos os grupos de interese, particularmente o profesorado, foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC, levándose a cabo reunións específicas do profesorado para facer a análise de todos os indicadores en relación co Máster en Igualdade, Xénero e Educación e para debater, propoñer e analizar as accións de mellora, tal e como se pode ver nas actas correspondentes, que se achegaron como evidencias ao informe de seguimento do curso 2018-2019. Polas características específicas do curso 2019-2020 e as dificultades en relación coas datas das avaliacións das materias que tiveron que ser modificadas en toda USC e na facultade, e as modificacións no referente as defensas dos TFMs, no noso caso dos TFMs pendentes do curso anterior (Vexase: *Modificación da avaliación das materias (2º semestre e 2º oportunidade de materias de 1º semestre*:

[https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc\\_educacion/descargas/Decanato/2020\\_04\\_29\\_Resolucion\\_decanal\\_19\\_20.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/2020_04_29_Resolucion_decanal_19_20.pdf) e *Modificación das avaliacións dos TFG y TFM das 9 titulacións do centro*:

[https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc\\_educacion/descargas/Decanato/19\\_20\\_Resolucion-Decanal-Avaliacion-TFG-e-TFM-Facultade-de-CC-da-Educacion-18-Maio-2020.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/19_20_Resolucion-Decanal-Avaliacion-TFG-e-TFM-Facultade-de-CC-da-Educacion-18-Maio-2020.pdf) asinado-3.pdf), todo elo provocado pola situación sanitaria da pandemia do COVID 19, non foi posible realizar a reunión do profesorado prevista para finais do curso para a valoración das accións de mellora. Soamente realizouse a reunión do día 3 de marzo, antes da situación da emerxencia sanitaria e do confinamento.

Agora ben, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso, participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxerencias ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados. O Manual Simplificado do

SGIC da Facultade adoptouse por primeira vez en decembro de 2013, sendo revisado en 2015 (aprobado por Xunta de Facultade o 22 de abril de 2015 e, finalmente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015). Do comentado derívase que hai evidencias referente ao SGC que poñen de manifesto a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro onde se imparte a presente titulación do *Máster en Igualdade, Xénero e Educación*, que é a Facultade de Ciencias da Educación que contribúe á mellora continua en todos os aspectos que incumben ao presente máster.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición que é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Os datos referentes ao curso 2019-2020 do indicador **IN26M: Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total**, mostran que do total de profesorado do título un 50,00% foron funcionarias/os, isto é, catedráticas/os e profesoras/es titulares. Os datos desglosados (E 15) mostran que do total de profesorado o 22,22% foron Catedráticas/os de Universidade, o 22,22% Titulares de Universidade, o 25,93% Contratadas/os Doutoradas/es, o 18,52% Axudantes Doutoradas/es, o 3,70% Asociadas/os de Universidade e de área externa un 3,70% que corresponde a unha profesora de categoría de catedrática, xa que na súa universidade (UESB, Brasil) ten esta categoría.

Todo o profesorado implicado dispón dunha dilatada experiencia docente e investigadora na temática específica do máster. O 78,57% do PDI do máster conta con algún sexenio de investigación (**IN24M Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total**). Todo o profesorado ten título de doutoramento, aínda que os datos do IN25M (**Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total**) aduce un 95,00%, que é absolutamente incorrecto e corresponde a un erro de cálculo.

Tamén é certo, que a Universidade de Santiago de Compostela organiza ao longo de todos os anos académicos un amplo programa de cursos e actividades de formación para o profesorado en cuestións

didácticas, epistémicas, de recursos académico-didácticos e tecnolóxicos de ensinanza universitaria e mesmo ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse no coñecemento científico diverso e continuar coa súa formación tamén científico-docente co obxectivo de mellorar a actividade docente. Cabe resaltar ao respecto, que o propio profesorado do máster participa como profesorado especialista na impartición destes cursos de formación da USC do coñecemento das mulleres e de xénero.

Facilitanse ao mesmo tempo a asistencia a congresos, conferencias e encontros científicos e de formación en cuestións transversais, como é o caso da temática referente as relacións de xénero ou a así chamada perspectiva de xénero na docencia. Durante o curso 2019-2020 estes programas de cursos e actividades de formación para o profesorado en cuestións didácticas, de recursos académico-didácticos e tecnolóxicos de ensinanza universitaria etc. organizáronse a partir do día 13 de marzo do 2020 vía on-line debido a situación sanitaria da pandemia do COVID 19. A USC concedeu tamén durante o curso, ao cal se refire este informe, un premio por mor dos esforzos das e dos docentes para incluír a mencionada perspectiva de xénero na docencia, convocatoria levada a cabo pola Oficina da Igualdade de Xénero (OIX) da USC e da reitoría.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A impartición do máster contou no seu momento co persoal de apoio específico con formación precisa na temática da igualdade das mulleres e de xénero e educación, por parte do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero- CIFEX da USC para o seu desenvolvemento, cun nivel de cualificación acorde á cualificación específica que dispensa o presente máster, pero que no período ao que se refire o presente informe non dispoñía dos recursos necesarios para o mantemento dese persoal. O persoal de apoio xeral da Facultade de Ciencias da Educación presta os seus apoios adecuadamente, con todo, sería desexable poder contar con persoal de apoio específico. No período ao que se refire o presente informe, estas funcións e a atención do persoal docente e aos estudantes está a realizarse desde a coordinación do propio máster, cuestión que supón un esforzo engadido ás tarefas xa amplas da coordinación académica.

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o**

**profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientáronse no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Desde unha óptica universitaria e académica as infraestruturas destinadas ao proceso formativo parecen as adecuadas; existe dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos e bibliotecas, tendo en conta os últimos datos dispoñibles referentes ao indicador IN33M (Grao de satisfacción dos egresados cos servizos) que permite coñecer a opinión do alumnado egresado sobre a xestión dos servizos. Este indicador mostra unha valoración alta de un 3,83 sobre 5 no curso 2017-18. Lamentablemente non figuran os datos para os dous últimos cursos 2018-19 e 2019-20 respecto a este indicador. Descoñecemos a razón disto, pero pode ser que este feito teña que ver co carácter bienal do título e as dificultades de recollida dos datos.

Mencionamos aquí de modo especial que no caso da 2ª parte do curso 2019-2020 a necesidade de impartir toda a docencia de forma non presencial vía on-line, conlevou problemas especiais para as e os estudantes tamén en canto aos recursos tecnolóxicos. A propia USC, a Facultade e a coordinación do máster estiveron particularmente pendentes desta cuestión facilitando os recursos para elo, como foi, por exemplo, ofrecer axudas para sufragar os gastos da liña de internet, ordenadores e salas de videoconferencia para o traballo en grupo, etc. do estudantado, existindo de este modo un apoio especial para minguar os efectos negativos da situación causada polo impacto da pandemia co fin de mellorar a docencia.

Tamén resaltar que no eido da facultade houbo melloras relacionadas cos recursos materiais referente a todas as titulacións cos custes sinalados para o centro, que redundaron na mellora da docencia e da atención ao estudantado de todos os títulos e que foron de forma detallada as seguintes:

1. Rotulación- sinaléctica Campus Norte e Campus Vida. 2.316,86 euros.
2. Mobiliario móbil Aula 3 Módulo A Campus Vida. 3.618,02 euros.
5. Mobiliario móbil Aula 1 Campus Norte. 16.882,88 euros.
4. Mobiliario móbil Aula 3 Campus Norte. 11.372,42 euros.
5. 4 Ordenadores Aulas Campus Norte. 2.494,90 euros.
6. Mobiliario móbil: Aulas 4-5 e 6 Módulo C; Aula 6 Módulo A Campus Vida. 25.155,30 euros (mellora con mobles, accesibilidade e usabilidade aulas vellas, inclúe iluminación).
7. 2 PC Lenovo para reposición en aulas. 1238,40 euros.
8. DVD LG BLURAY 4K HDMI UBK80. Proxector OPTOMA LED ULTRAHD 4K. Salón de Actos Campus Vida. 2964,50 euros.
9. Ordenadores AIO ZM-H11 INTEL 24", WEBCAM CONCEPTRONIC, Trípode de mesa para aulas de laboratorio TIC, posto docente aula 8,16 Campus Vida. Aula 31 Campus Norte e Sala de teleformación. 3.436,40 euros.
10. Proxectores ACER. LOGITECH CONFERENCECAM CONNECT para renovación aulas TIC, salón actos e repostos. 3127,85 euros.
11. Flyers Máster Procesos de Formación. 77,63 euros.

Os recursos materiais, postos ao dispor do estudantado en relación coa formación académico-científico-docente (dossiers específicos das materias, materiais científicos no campus virtual, etc.), son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias para adquirir polas e os estudantes e coinciden coas previsións que se incluíron no seu momento na memoria de verificación. Os fondos bibliográficos, recursos documentais, etc. son suficientes e están actualizados. A biblioteca do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero (CIFEX) da USC conta ademais xa na actualidade con 8 volumes de temática específica do complexo temático que constitúe o núcleo central do presente máster, publicados polo prestixioso Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC que segue un sistema rigoroso de referís científicos e que teñen relación, sobre todo, con algunhas materias específicas do máster como é o caso de “Violencia e xénero”, “Educación, Coeducación e Socialización en función do Xénero”, “Historia das Mulleres e Mulleres e Homes na Historia” e “Políticas Públicas e Xénero”. Nestas publicacións colaboran renomeadas e renomeados autoras e autores do ámbito científico internacional (Véxase: [https://www.usc.gal/libros/es/134-biblioteca\\_do\\_centro\\_interdisciplinario\\_de\\_investigacions\\_feministas\\_e\\_de\\_estudios\\_do\\_xnero\\_cifex](https://www.usc.gal/libros/es/134-biblioteca_do_centro_interdisciplinario_de_investigacions_feministas_e_de_estudios_do_xnero_cifex)).

Enténdese que os servizos de atención ao estudantado (documentación específica, servizos de atención e orientación ao estudantado de tipo diverso, informes de cualificacións, etc.) dos que dispón o alumnado por parte da institución son os apropiados para a orientación nestes temas. A coordinadora do máster e o profesorado están sempre ao dispor do estudantado para calquera cuestión de orientación académica e profesional, e incluso persoal, nos seus horarios semanais de titoría presencial. A maiores efectúase tal labor orientativa tamén vía contacto por correo electrónico. A información respecto ás titorías do profesorado está publicada e plenamente dispoñible para o alumnado na páxina web e o campus virtual da USC.



O Máster conta con materias obrigatorias por cuxo motivo as e os estudantes non precisan seleccionar materias. A USC ofrece servizos de orientación en cuestións de necesidades especiais do alumnado, aloxamento, etc.

En canto á acollida e o apoio ás e ós estudantes dicir, que para o curso 2019-20 se organizou no mes de setembro de 2019 unha xornada de acollida e apertura de curso para o alumnado como se fai ao comezo de cada edición do Máster na que, a parte dun primeiro contacto co profesorado implicado, explicáronse todos os aspectos pormenorizados do funcionamento do Máster, da organización das materias, estruturación en créditos e a súa coordinación, aspectos xerais da avaliación e do funcionamento dos servizos da Facultade e da USC con vistas ao Máster.

Ademais, organízanse seminarios específicos de orientación e planificación no tocante ás prácticas e a elaboración dos TFMs coa coordinadora do máster e as coordinadoras/coordinador dos módulos que foron previstos para o final do curso referido. De modo xeral a planificación, reunións e seminarios co alumnado organízanse a partir dos meses abril/maio do curso anterior referente as prácticas externas e a elaboración dos TFMs. Pola paralización das actividades institucionais e o confinamento da poboación a raíz do COVID-19, non foi posible desenvolver as reunións de planificación durante estes meses. As mesmas retrasáronse ao mes de setembro de 2020, xa que nin sequera foi posible contactar por videoconferencia ou de forma on-line coas institucións para ultimar os detalles da asignación dos centros das prácticas. Neste sentido compre dicir, que a situación da pandemia afectou claramente o desenvolvemento e a organización das prácticas do máster para o curso 2020-2021 (3º semestre do máster), mais esta cuestión será obxecto do informe correspondente ao curso 2020-2021.

Con vistas aos programas de apoio ao estudantado é mester sinalar, que as e os estudantes teñen así mesmo a oportunidade de participar en xornadas e seminarios académico-científicos sobre temáticas específicas organizadas polo Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero (CIFEX). No curso ao que se refire o presente informe, foi este o caso das *XI XORNADAS E III JORNADAS INTERNACIONAIS DE FORMACIÓN EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE: Escenarios múltiples de violencia en función do xénero: prostitución, violencia sexual e trata de mulleres*", celebradas os días 3 e 4 de Outubro de 2019 na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida). Nestas xornadas tratouse de dar unha formación científico-social respecto a temática dos escenarios múltiples de violencia en función do xénero: prostitución, violencia sexual e trata de mulleres, unha cuestión especialmente relevante no contexto da formación do presente máster a para as competencias profesionais previstas no título e o exercicio profesional das egresadas e egresados do mesmo.

Resaltamos por último, referente aos centros onde se realizan as prácticas externas, aínda que na organización do máster non correspondeu a súa realización durante o curso 2019-2020 polo seu carácter bienal, que as súas instalacións son as correspondentes a cada centro específico e estas son as adecuadas para a adquisición das competencias contempladas no presente máster segundo as diferentes áreas profesionais, tendo en conta que existe un procedemento coidadoso por parte da coordinación do máster atendendo a normativa da USC respecto diso, que só permite a realización dos convenios para as prácticas con aquelas institucións que cumpran cos requisitos que garanten a adquisición das competencias profesionais previstas no título do máster que constitúe o centro deste informe de seguimento. Esta cuestión refírese, así mesmo como é obvio, ás infraestruturas tecnolóxicas e de servizos tanto do centro responsable do título, como dos centros onde se realizan as prácticas externas.

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que o curso 2019-2020 se viu afectado pola situación sanitaria excepcional provocada pola pandemia do COVID-19 que precisou dunha modificación e adaptación das metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación en canto ás materias teóricas que se impartiron na segunda parte do 2º semestre debido a paralización total da docencia presencial na USC a partir do día 13 de marzo de 2020, tal e como xa sinalamos, o nivel de cualificacións das materias, especificamente a **taxa de rendemento** do alumnado (**IN34M**) sitúase nun 89,52%, unha taxa moi alta, practicamente do 90%. Isto acontece así mesmo en relación coa **taxa de éxito** (**IN35M**) obtida por parte do estudantado da presente edición do máster que indica un 97,92% e coa **taxa de avaliación** (**IN36M**) que se sitúa nun 91,43%. Estamos a falar de taxas moi altas, case sempre por encima do 90%. Aquí observamos un lixeiro descenso con respecto aos datos dos cursos anteriores que, segundo a nosa experiencia se debe á situación excepcional provocada pola pandemia do COVID-19 que dificultaba para o alumnado, e en concreto para algunhas alumnas e algúns alumnos, a docencia no segundo semestre do curso do 13 de marzo de 2020 hasta o final do curso que foi exclusivamente vía campus virtual e on-line.

Con todo, entendemos que os datos comentados mostran que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación foron e son os adecuados e contribuíron á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos e á súa valoración. Este feito mostra ao mesmo tempo que os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos anteriormente previstos na memoria verificada do programa formativo do Máster e adecúanse ao nivel MECES inclusive no contexto da situación excepcional provocada pola pandemia do COVID-19 que nos ocupou.

Para maior abundamento cabe sinalar, que é o propósito do propio máster ter en conta os resultados de aprendizaxe para a revisión e mellora do plan de estudos, que con todo, no presente caso mostra ser o adecuado e que de momento non precisa de modificacións, especialmente se observamos a taxa de rendemento (IN34M), a taxa de avaliación (IN36M) e a taxa de éxito (IN35M), taxas que se sitúan entre as tres primeiras de todas as titulacións de máster impartidas na Facultade de Ciencias da Educación.

Cabe mencionar de novo aquí, que con respecto ao curso 2019-2020, si, foi necesaria unha modificación e adaptación, das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación en canto as materias teóricas que se imparten durante este curso académico debido a situación excepcional en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, que levou na segunda parte do 2º semestre a paralización total da docencia presencial na USC a partir do día 13 de marzo de 2020, tal e como xa sinalamos. Esta situación afectou tamén a este máster presencial, e especialmente ao desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, que non podía corresponderse co establecido con anterioridade na memoria de verificación

por razóns obvias. Co todo, as modificacións e adaptacións foron, sen dubida, accións esenciais para garantir a calidade e os resultados de aprendizaxe que axudaron e incidiron na mellora destes resultados.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto á demanda, esta mantense en niveis moi altos sendo un dos másteres máis demandados da facultade de CC. da Educación e da USC segundo os datos do indicador **IN02M: Matrícula**. Tal e como mostra ese indicador para o Máster que se refire ao *Número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming*. Inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no título, a demanda, isto é, a matrícula do máster, foi aumentando paulatinamente durante as últimas edicións (edición 2015-16: 22, edición 2017-18: 42) alcanzando no curso 2019-2020 o índice de 39,00. Tamén corroborado polo **IN04M: Matrícula de novo ingreso por preinscrición** referente á Facultade e no tocante ao título. O indicador citado calcula o *Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción* que constata a Matrícula de novo ingreso por preinscrición (edición 2015-16: 22, edición 2017-18: 38) que alcanzou finalmente no curso 2019-2020 o índice de 35,00.

Seguindo co comentado no Autoinforme de Acreditación do curso 2017-18, con respecto ao indicador **IN42M: Satisfacción general de los egresados con la titulación**, so dispoñemos da cifra do 3,32 sobre o índice total de 5 con respecto ao curso 2017-18 que é precisamente un curso no que non egresan, xa que cursan os 2 primeiros semestres de formación teórica deste máster bienal. Sin embargo, podemos entender que esta cifra corresponde en realidade as egresadas e os egresados durante o curso 2016-17. Faltan os datos correspondentes ao curso 2018-19, curso durante o cal o alumnado egresou da última edición.

Temos que remarcar que no referente ao indicador **IN37M (Taxa de graduación)** aparece unha cifra do 89,47% con respecto ao curso 2019-20 que pola propia estrutura bienal do máster xa comentada é imposible que corresponda ao curso mencionado. Esta cifra debe corresponder ao curso 2018-19 referente ao que non aparecen datos. Xa falando da edición anterior dos cursos 2015-16 e 2016-17, que foi tamén una edición do Máster da que non temos datos da taxa de graduación que si aparece para o

curso 2017-18 cun 100% de taxa.

Isto é, a edición dos cursos citados (2015-16 e 2016-17) tivo un éxito do 100%, cifra esta última que tería que aparecer para o curso 206-17, sendo este o 2º ano da 1ª edición do presente máster que comezou no curso 2015-16. Cabe destacar, con todo, que se trata dunha cifra absolutamente positiva que refire a máxima taxa posible (100%), si ben, en comparación estamos a observar que a taxa de graduación diminuíu na última edición que rematou no curso 2018-19 para o cal aparece a cifra do 89,47%. Subliñamos ao respecto que esta cifra corresponde aos TFMs non defendidos, que con todo, foron defendidos durante o seguinte curso, o curso 2019-20. Neste sentido, os datos que se manexan non se axustan ben á realidade. Seguimos contando pola nosa experiencia da dirección e defensas dos TFMs cunha Taxa de Graduación próxima ao 100%.

Polo tanto, a **taxa de abandono** (IN41M) que reflexa un 2,63% para o curso 2019-20 que é, así mesmo, incorrecta xa que debe referirse ao curso 2018-19 cando finalizou a edición anterior e cando houbo un remate da edición. O mesmo feito segue a acontecer aquí para a edición dos cursos 2015-16 e 2016-17. A cifra do 0,00% de taxa de abandono non corresponde ao curso 2017-18 senón ao curso 2016 pola idiosincrasia do máster.

O mesma cuestión acontece co indicador **IN50GC** que se refire á **Taxa de éxito dos egresados** no conxunto da Facultade de CC. Educación. Aquí aparece para o curso 2019-20 unha taxa do 85,71%, ano no que non houbo egresadas/os. Cando si houbo foi no curso 2018-19 onde a cifra que aparece é dun 99,83%, practicamente o 100%, cifra que si corresponde a un ano con egresadas e egresados, neste caso da edición 2017-18 e 2018-19. Cabe comentar, tamén, que a taxa de éxito do 85,71% que aparece para o curso 2017-2018 é absolutamente incorrecta, xa que durante este curso non houbo egresadas e egresados do Máster, mentras que, si houbo egresadas e egresados durante o curso 2016-2017, durante o que a taxa de éxito foi a máxima do 100% (Véxase tamén o IN50M).

Como conclusión, referente aos indicadores arriba citados cabe inferir que o cálculo dos mesmos é non procedente e incorrecto para os cursos citados e a taxa de éxito das e dos egresados segue a ser do máximo e das máis altas no ámbito da Facultade de Ciencias da Educación.

En canto ao rendemento académico e a mellora e revisión do plano de estudos só podemos referirnos aos datos xa comentados no apartado 6.1 que son os que reflexan axeitadamente o acontecido no presente máster durante o curso 2019-20.

Citamos aquí:

“Ainda que o curso 2019-2020 se viu afectado pola situación sanitaria excepcional provocada pola pandemia do COVID-19 que precisou dunha modificación e adaptación das metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación en canto ás materias teóricas que se impartiron na segunda parte do 2º semestre debido a paralización total da docencia presencial na USC a partir do día 13 de marzo de 2020, tal e como xa sinalamos, o nivel de cualificacións das materias, especificamente a **taxa de rendemento** do alumnado (**IN34M**) sitúase nun 89,52%, unha taxa moi alta, practicamente do 90%. Isto acontece así mesmo en relación coa **taxa de éxito** (**IN35M**) obtida por parte do estudiantado da presente edición do máster que indica un 97,92% e coa **taxa de avaliación** (**IN36M**) que se sitúa nun 91,43%. Estamos a falar de taxas moi altas, case sempre por encima do 90%. Aquí observamos un lixeiro descenso con respecto aos datos dos cursos anteriores que, segundo a nosa experiencia se debe á situación excepcional provocada pola pandemia do COVID-19 que dificultaba para o alumnado, e en concreto para algunhas alumnas e algúns alumnos, a docencia no segundo semestre do curso do 13 de marzo de 2020 hasta o final do curso que foi exclusivamente vía campus virtual e on-line.

Con todo, entendemos que os datos comentados mostran que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación foron e son os adecuados e contribuíron á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos e á súa valoración. Este feito mostra ao mesmo tempo que os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos anteriormente

previstos na memoria verificada do programa formativo do Máster e adecúanse ao nivel MECES inclusive no contexto da situación excepcional provocada pola pandemia do COVID-19 que nos ocupou.

Para maior abundamento cabe sinalar, que é o propósito do propio máster ter en conta os resultados de aprendizaxe para a revisión e mellora do plan de estudos, que con todo, no presente caso mostra ser o adecuado e que de momento non precisa de modificacións, especialmente se observamos a taxa de rendemento (IN34M), a taxa de avaliación (IN36M) e a taxa de éxito (IN35M), taxas que se sitúan entre as tres primeiras de todas as titulacións de máster impartidas na Facultade de Ciencias da Educación.

Cabe mencionar de novo aquí, que con respecto ao curso 2019-2020, si, foi necesaria unha modificación e adaptación, das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación en canto as materias teóricas que se imparten durante este curso académico debido a situación excepcional en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, que levou na segunda parte do 2º semestre a paralización total da docencia presencial na USC a partir do día 13 de marzo de 2020, tal e como xa sinalamos. Esta situación afectou tamén a este máster presencial, e especialmente ao desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, que non podía corresponderse co establecido con anterioridade na memoria de verificación por razóns obvias. Co todo, as modificacións e adaptacións foron, sen dubida, accións esenciais para garantir a calidade e os resultados de aprendizaxe que axudaron e incidiron na mellora destes resultados". (Véxase páx. 19-20 do presente informe de seguimento).

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste informe de seguimento trátase de avaliar o primeiro ano do máster *Igualdade, Xénero e Educación*, que corresponde aquí ao curso 2019-20, lembrando que é este un máster bienal dun total de 90 ECTS e de tres semestres de duración. Durante o primeiro ano, dous semestres, impártese a formación teórica e por tanto os datos e indicadores do título só se poden referir a este período, é dicir, no curso 2019-20 non existe a cuestión das prácticas externas e da elaboración e defensa dos TFMs. Polas razóns indicadas, isto é, de tratarse dun máster bienal e referirse este Autoinforme de seguimento ao curso 2019-20 do máster, non se poden avaliar os indicadores: IN20 M (**Satisfacción dos tiores profesionais coas prácticas externas**), IN21 M (**Satisfacción dos tiores académicos coas prácticas externas**), IN42 M (**Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación**) para o período.

Non obstante, neste máster bienal se realizan as prácticas externas no curso 2020-2021 e se realizaron durante o curso 2018/19. Desta forma, corresponde ter en conta o indicador **INF.07: Informe de satisfacción dos/das tiores/as externos/as cos programas de prácticas externas (2018/19)**. El indicador citado mostra a pesar de datos moi altos de satisfacción (vai do 4,14 ao 4,48, media: 4,36, ver Autoinforme do Máster 2018-2019, p. 22), que o índice das respostas por parte das titoras e tiores aínda non foron os esperados, considerando o incremento en cifras absolutas de 6 (curso 2016-17) a 7 cuestionarios cubertos no curso 2018-2019 polas titoras e polos tiores externos/os. Así xa se comentou no informe do curso 2018/19 referente a Acción de Mellora MIXE-AM-1 (Curso 2018-2019), implementada no seu momento, a necesidade de seguir con esta Acción de mellora na seguinte edición do máster co fin de procurar desde a coordinación do Máster lograr un incremento da taxa de resposta en futuras edicións do Informe de satisfacción das/dos titoras/es profesionais cos programas de prácticas externas. Neste sentido, sendo a seguinte edición do máster na que se realizan as prácticas o curso 2020-2021, ten de desenvolverse esta Acción de mellora no curso 2020-2021 e polo tanto, se propón.

Referímonos neste apartado, ao indicador IN46M: **Satisfacción do alumnado coa docencia recibida**, que sinala, efectivamente, os datos correspondentes á satisfacción do alumnado coa docencia recibida, que no presente informe se refire á docencia teórica do primeiro ano (dous semestres) do máster. A cifra

do **4,14** referente ao curso 2019-20 indica unha satisfacción moi elevada e considerablemente máis alta que a correspondente cifra do 3,40 do curso 2017-18, que foi o curso anterior con docencia teórica deste máster bial. Inferimos destes datos un interesante aumento da satisfacción das e dos estudantes coa docencia recibida, cuestión particularmente relevante tendo en conta a situación excepcional en relación coa pandemia que requiría unha adaptación e un cambio na metodoloxía docente desde o 13 de marzo de 2020 ata o final do curso, que parece que foi a adecuada.

En segundo lugar, comentar que este índice ten unha coincidencia bastante alta co IN47M: **Satisfacción do profesorado coa docencia impartida**, que indica a valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, que se sitúa no 4,28.

Analizando o IN48M: **Taxa de resposta da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida**, chama a atención que diminuíu esa taxa no curso 2019-20 situándose no 41,67% o que supón unha diminución con respecto ao curso 2017-18 (56,10%), aínda que, previuse no seu momento como **Acción de Mellora MIXE-AM-4 (Curso 2018-2019)** “*procurar desde a coordinación do Máster lograr o incremento da taxa de resposta en futuras edicións do Informe das enquisas de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (2019/2020)*”, referente ao primeiro ano do máster e no tócate á docencia teórica (2 semestres). Os datos do IN48M mostran que o éxito da acción de mellora mencionada non foi posible e entendemos que tivo que ver coa situación excepcional do final do curso debido á xa aludida situación sanitaria do COVID 19.

Estamos a falar dun curso atípico segundo o comentado xa repetidamente nos párrafos e apartados anteriores. A situación foi sen dúbida excepcional, debido á pandemia provocada polo COVID-19, que levou na segunda parte do 2º semestre á paralización total da docencia presencial na USC, e ao estado de alarma en España promulgado posteriormente, concretamente a partir do día 13 de marzo de 2020, (Resolución Reitoral da USC 14.3.2020). Esta situación afectou a este máster presencial, e de cheo ao desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación que foi mitigada pola necesaria unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional xa mencionada e contemplada na acción de mellora ao respecto (**MIXE-AM-1** Curso 2019-2020), que, sen dúbida, foi un xeito exitoso e alcanzou seu efecto positivo.

Esta situación significaba unha dificultade especial tanto na comunicación co alumnado como na metodoloxía docente e inclusive na posibilidade da propia comunicación de alumnas e alumnos que nalgúns casos tiveron serias dificultades tecnolóxicas tamén para a participación académica virtual (así consta á coordinación do máster que algunhas alumnas/os tiveron que seguir o contacto coa universidade a través do seu dispositivo móbil, e incluso nalgúns casos a través de compañeiras/os). Neste sentido, entendemos que estas dificultades tamén se reflexan no índice de resposta das enquisas considerando que a resposta ás enquisas seguramente non foi prioritario para o alumnado que tivo problemas para seguir a súa formación académica. Así, aínda que desde a coordinación do máster se procurou conseguir a maior participación posible do alumnado nas enquisas insistindo na importancia das mesmas a través de comunicación on-line (avisos por correo electrónico e campus virtual) non se logrou un incremento na taxa de resposta previsto no seu momento na Acción de Mellora **MIXE-AM-4** do curso 2018-2019, por cuxo motivo é aconsellable propor unha Acción de Mellora neste sentido para seguir con tal acción de mellora con vistas ao seguinte curso (**MIXE AM-3** Curso 2020-2021).

Xa falando dos indicadores de satisfacción co persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc., é importante sinalar de novo que no curso 2019-20 non houbo prácticas externas pola característica bial do máster, pero que é relevante referirnos a estas últimas. A preparación das prácticas sempre se efectúa xa ao final do curso anterior, concretamente as reunións e seminarios de planificación co alumnado organízanse a partir dos meses abril/maio. Pola paralización das actividades institucionais e o confinamento da poboación por mor do COVID-19, non foi posible desenvolver estas reunións e seminarios, nin sequera por videoconferencia ou de forma on-line polos problemas de organización das prácticas coas institucións correspondentes, e de modo preciso pola

imposibilidade de poder contactar coas institucións das prácticas para elo. Tivemos que pospoñer para o mes de setembro esta organización, tamén no referente aos TFMs. O mesmo comezo das prácticas viuse afectado pola situación da pandemia que se retrasou.

Analizando aínda algo máis esta cuestión comentada e as dificultades en relación coas das prácticas, nas conversas coas titoras e os titores das institucións das prácticas externas, contemplanse a celebración dunha reunión para o segundo semestre do curso 2019-2020 con vistas á organización e por mor das novas prácticas a realizar durante o primeiro semestre do curso 2020-2021, que tampouco foi posible. Inclusive no mes de setembro, tamén debido á situación da pandemia do COVID 19, a organización e o mesmo desenvolvemento estaba sometido á cuestión das restricións sanitarias. Neste sentido dicir, que a situación da pandemia afectou, en efecto, o desenvolvemento e a organización das prácticas do máster a desenvolver durante o primeiro semestre do curso 2020-2021 (3º semestre do máster), extremo que será obxecto do informe correspondente ao curso 2020-2021.

Con respecto ao indicador IN42M: **Satisfacción xeral dos egresados coa titulación**, so dispoñemos da cifra do 3,32 sobre o índice total de 5 con respecto ao curso 2017-18 que é precisamente un curso no que non egresan, xa que o estudantado cursou neste curso os 2 primeiros semestres de formación teórica deste máster bienal. Con todo, podemos entender que esta cifra corresponde en realidade aos egresados durante o curso 2016-17. Para este último curso non aparece ningún dato, si ben é un curso no que houbo egresadas e egresados do presente máster. É mester sinalar, que desde a coordinación do máster xa se tiña previsto no informe de seguimento do curso citado (2016-2017) unha medida de mellora, a MIXW-AM-4, a implementar no curso 2017-2018 respecto a este indicador, que tería que ter tido o seu reflexo, isto é, mostrar a súa eficacia, na enquisa das egresadas e dos egresados do curso 2018-2019, sendo, sen dúbida, o propósito da coordinación do *Máster en Igualdade, Xénero e Educación* conseguir a maior participación posible do alumnado en todas as enquisas insistindo na importancia das mesmas baixo a perspectiva de calidade.

Con todo non aparece ningún dato para o curso 2018-19, no que si houbo egresadas e egresados ao finalizar a edición do máster. Tampouco aparecen datos para o curso 2019-20, cuestión correcta porque non houbo egresadas e egresados neste curso. Polos motivos aducidos non é valorable a eficacia da medida de mellora, a **MIXE-AM-4** 2018-19, por falta de datos.

As apreciacións anteriores son asimesmo aplicables ao item *Grao de satisfacción das/os egresadas/os cos servizos* (IN33M), que só aparece para o curso 2017-18 cun índice do 3,83, índice bastante positivo, tamén bastante por riba da media, mais faltan os datos para o curso 2018-19 ao final do cal, si houbo egresadas e egresados. No curso que nos ocupa, o curso 2019-2020 non houbo egresadas e egresados.

Referente ao colectivo PDI, o **"INF 23"** que calcula a **"Satisfacción do profesorado coa titulación para o curso 2019/2020"** sinala un nivel de satisfacción por parte deste colectivo moi alto, unha media do 4,14 puntos. Practicamente, todas as respostas aos diferentes items desta enquisa sitúanse por encima de 4 tanto no referente a aspectos de información, xestión (4,33), recursos educativos dispoñibles e horarios (4,00), a distribución da carga do traballo (4,33), calendario de probas (4,17) e aspectos de coordinación docente e organización da titulación como nos puntos que fan fincapé a aspectos académicos de contidos e da formación do alumnado e a calidade docente. Esta última recibe unha valoración de 4,67 igual que a coordinación e organización da titulación. Son as puntuacións máis altas. As valoracións que están por debaixo do 4 refírense ás aulas e o seu equipamento (3,67), si as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas (3,83) e si o alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas (3,40).

Con todo, entendemos como un elemento negativo a baixa participación do profesorado na presente enquisa que só foi do 28,57%, por debaixo do índice de resposta do curso anterior, do curso 2018/2019, no cal foi do 54,55%, case o 55%, cifra de participación esta última que foi no seu momento superior ao 50,6% de participación do profesorado do curso 2016-17. Neste sentido, entendemos que a cifra de participación do profesorado na enquisa é un dato a mellorar.

Agora ben, consideramos que non é posible desvincular este índice de participación do profesorado na enquisa da situación excepcional vivida a causa da situación sanitaria, xa varias veces referida por outra parte, que afectou de xeito claro á docencia e organización académica. É obvio que o colectivo do profesorado sufriu posiblemente máis que ningún outro colectivo na universidade as consecuencias desta situación académica anormal tendo que afrontar unha carga de traballo moito maior que significaba unha falta de tempo en todos os sentidos, falta de tempo que se deixa notar tamén nesta tarefa de contestación da enquisa que é voluntaria. Outras tarefas académicas e docentes eran, sen dúbida, prioritarias.

Xa no seu momento propúxose unha Acción de Mellora concernente a esta dimensión do control de calidade: **MIXE-AM-3** (Curso 2018-2019) que contemplaba “*procurar desde a coordinación do Máster lograr o incremento da taxa de resposta en futuras edicións do Informe das enquisas de Satisfacción do profesorado coa titulación (2018/2019)*”, referente ao segundo ano do máster. Á vista dos datos é aconsellable propor una Acción de Mellora neste sentido de procurar desde a coordinación do Máster a parte de desde outras instancias, como a propia USC ou a facultade que poderían, por exemplo, recoñecer dalgunha forma ao profesorado o seu labor de cubrir as enquisas, lograr o incremento da taxa de resposta en futuras edicións do Informe das enquisas de Satisfacción do profesorado coa titulación.

Con todo, considerando o exposto e os datos referentes aos diferentes indicadores, entendemos desde unha visión conxunta no tocante ao presente apartado e a situación de excepcionalidade sufrida a partir do 13 de marzo de 2020 e ata final do curso, que de momento non procede ter en conta ningún aspecto para a mellora e revisión do plano de estudos máis aló do comentado anteriormente.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

Este apartado do informe ten por obxecto efectuar unha análise dos resultados do título con respecto aos indicadores de inserción laboral de egresadas e egresados do título co obxectivo de indagar se son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do mesmo. Tendo en conta que para iso sería preciso analizar os históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre a inserción laboral do título, valorar a adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título e valorar e analizar os indicadores de inserción laboral que se teñen en conta para a mellora e revisión do plano de estudos, é moi difícil efectuar tal avaliación. Lamentablemente dispoñemos de moi poucos datos no concernente aos valores de inserción laboral das egresadas e dos egresados e carecemos de datos estatísticos fidedignos, aínda que o *Informe da ENQUISA DE SATISFACCIÓN DE EGRESADOS/AS (2019/2020)* apórtanos algúns datos interesantes. Os datos indican que foron cubertos 9 cuestionarios (27,27%) e que ningunha egresada ou egresado indica a opción: “*Estou traballando por conta allea (asalariado/a)*”, “*Estou traballando por conta propia (autónomo/a)*” ou “*Teño un contrato en prácticas*” (0,00%) fronte á media da USC do 25,47% que marca a primeira opción. Inicialmente parece un dato negativo aínda que si comparamos os datos da rúbrica de *Estudo un programa de doutoramento*, vemos que un 33,33% fronte a unha media do 18,01% da USC sinala esta opción, unha opción bastante positiva que mostra que a preparación do máster incide nunha motivación científica importante para adquirir a titulación académica máxima de doutoramento. A opción mais sinalada é a de *Otras situacións*, cun 44,44% en comparación cun 17,39% da media da USC. Entendemos que a porcentaxe das respostas é moi baixa para chegar a conclusións fidedignas e que os datos posiblemente non aclaran o suficientemente ben a situación real das egresadas ou egresados



deste máster.

Neste sentido, destacamos o feito, de que parte do noso alumnado ingresa no máster xa desde campos profesionais singulares dos arriba mencionados, buscando a formación e habilitación científica e académica que dispensa o **Máster en Igualdade, Xénero e Educación** para o seu mellor desempeño profesional e é posible que este colectivo non cubre as preguntas da enquisa xa entendendo que non se axustan a súa situación.

Desde a coordinación do máster reiterar, tamén, que aínda querendo efectuar un seguimento da inserción laboral do alumnado egresado e querendo, que sería do noso interés manter o contacto con este alumnado, esta é unha cuestión que dificilmente se poderá levar a cabo debido ao particular da protección de datos. É dicir, que non é posible manter contacto a través de mails ou mesmo mails privados, xa que os mails e datos oficiais anuláanse unha vez terminados os estudos na Universidade de Santiago de Compostela. Xa comentáramos respecto diso no informe de seguimento referido ao ano 2017-2018 que nalgúns casos existindo un contacto estreito por motivos alleos á dinámica universitaria, dispónse de información parcial respecto diso que se usa e que indica datos interesantes sobre a inserción laboral que aducen que dita inserción laboral existe de facto nos máis variados ámbitos educativos, sociais, políticos, administrativos e das empresas. Os datos comentados non se corresponden coa nosa percepción ao respecto, ou ben, meramente de forma parcial.

Ademais, existe unha correlación do éxito da formación do máster co índice tan alto da demanda de matrícula, motivada esta pola recomendación e información achegada por persoas egresadas, moitas veces laboralmente inseridas.

En suma, insistimos en que sería importante elaborar un instrumento de recollida de información máis axeitado e que os diversos organismos implicados no sistema do control de calidade dos títulos universitarios do espazo autonómico de Galicia, isto é, a ACSUG, a USC, etc., mellorasen o sistema de recollida da información para obter unha visión real da situación das egresadas ou egresados das titulacións, e en concreto dos másteres.

### 3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

#### MODIFICACIÓN

--

### 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Critérios	Nº	Evidencia / Indicador
Todos	E1	Memoria Vixente do título
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título

3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa de graduación</li> <li>- Taxa de abandono</li> <li>- Taxa de eficiencia</li> <li>- Taxa de rendimento</li> <li>- Taxa de éxito</li> <li>- Taxa de avaliación</li> </ul>

7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso
7	I14	Resultados de inserción laboral
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

■ Plan de Melloras  
 ■ Abertas Curso 2020-2021

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MIXE-AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Debido a situación excepcional en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, que segue afectando a vida social e universitaria durante o curso 2020- 2021 o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación precisan dunha adaptación a esta situación de emerxencia excepcional, non contemplada, por razóns obvias, no seu momento na memoria de verificación. Neste caso é necesaria unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional mencionada e prever distintos escenarios para a docencia, isto é, escenario presencial, escenario semi-presencial e escenario non presencial (1, 2 ou 3) a partir do 1 de setembro de 2020 ata o remate do curso 2020-2021.
Definición/ descrición proposta	Procurar desde a coordinación do Máster unha adaptación específica da docencia do máster en canto ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación á situación excepcional mencionada mediante unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional mencionada da pandemia e prever distintos escenarios para a docencia, isto é, escenario presencial, escenario semi-presencial e escenario non presencial (1, 2 ou 3) a partir do 1 de setembro de 2020 ata o remate do curso 2020-2021 e incluír estas adaptacións nas guías docentes e normas de actuación ao respecto.

Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Rita Radl Philipp
Tarefa1	MIXE-AM-1.1
Descrición tarefa	Lembrar e actuar desde a coordinación do máster para lograr unha adaptación específica da docencia do máster en canto ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación á situación excepcional mencionada mediante unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional mencionada da pandemia e prever distintos escenarios para a docencia, isto é, escenario presencial, escenario semi-presencial e escenario non presencial (1, 2 ou 3) a partir do 1 de setembro de 2020 ata o remate do curso 2020-2021 e incluír estas adaptacións nas guías docentes e normas de actuación ao respecto.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Rita Radl Philipp
Estado	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MIXE-AM-2 (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
<b>Análise causa</b>	Co motivo de mellorar o desenvolvemento e a situación do alumnado no eido do presente máster e garantir seu máximo éxito académico, propónse para o curso 2020-2021 a elaboración do Plan de Acción Titorial (PAT) do Máster no marco do PAT da Facultade de Ciencias da Educación. Procurase neste sentido propor actuacións tutoriais do alumnado que inclúen especialmente como axentes fundamentais ao profesorado do máster destas accións tutoriais.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Impulsar desde a coordinación do Máster durante o curso 2020-2021 a elaboración do PAT do Máster no marco do PAT da Facultade de Ciencias da Educación para contemplar actuacións tutoriais con respecto ao alumnado do máster que inclúen especialmente como axentes fundamentais das accións tutoriais ao profesorado do máster.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Rita Radl Philipp
<b>Tarefa1</b>	MIXE-AM-2.1
<b>Descrición tarefa</b>	Actuar desde a coordinación do máster para elaborar unha proposta do PAT do Máster no marco do PAT da Facultade de Ciencias da Educación para contemplar actuacións tutoriais con respecto ao alumnado do máster que inclúen especialmente como axentes fundamentais das accións tutoriais ao profesorado



	do máster.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Rita Radl Philipp
Estado	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MIXE-AM-3 (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
<b>Análise causa</b>	Con respecto ao indicador IN46M: Satisfacción do alumnado coa docencia recibida, e IN48M: Taxa de resposta da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida os datos indican para o curso 2019-20 un 41,67%, mentres que os datos para o curso 2017-2018 indicaban un 56,10% e para o curso 2015-16 se situaba esta cifra incluso nun 70,83%. Constatamos unha diminución na taxa de resposta, aínda que o curso 2019-2020 foi excepcional pola situación da pandemia a partir do 13 de marzo do 2020 hasta o final do curso, por tanto, é preciso, lograr un incremento desta cifra tamén con vistas a poder medir de forma adecuada o nivel de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Procurar desde a coordinación do Máster lograr o incremento da taxa de resposta en futuras edicións do Informe das enquisas de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (2019/2020), referente ao primeiro ano do máster (2 semestres), xa que a titulación é bienal.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/12/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Rita Radl Philipp
<b>Tarefa1</b>	MIXE-AM-3.1
<b>Descrición tarefa</b>	Recordar e explicar a importancia da resposta as enquisas, concretamente das enquisas de Satisfacción do alumnado coa

	docencia recibida mediante comunicación directa ao alumnado (nas clases, correo electrónico, telefonicamente e persoalmente).
Data prevista de finalización	31/12/2021
Responsable	Rita Radl Philipp
Estado	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MIXE-AM-4 (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Plan de Melloras da Acreditación
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
<b>Análise causa</b>	El INF 23: Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2019/2020, aínda que sinala un nivel de satisfacción por parte deste colectivo moi alto con unha media de 4,14 puntos, indica unha baixa participación do profesorado na presente enquisa que só foi do 28,57%, por debaixo do índice de resposta do curso anterior, do curso 2018/2019, no cal foi do 54,55%, case o 55%, cifra de participación esta última que foi no seu momento superior ao 50,6% de participación do profesorado do curso 2016-17.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Procurar desde a coordinación del Máster lograr o incremento da taxa de resposta en futuras edicións do Informe das enquisas de Satisfacción do profesorado coa titulación (2020/2021 e 2021/2022), referente ao primeiro e segundo año do máster, xa que a titulación ten carácter bianual.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/12/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Rita Radl Philipp
<b>Tarefa1</b>	MIXE-AM-4.1
<b>Descrición tarefa</b>	Recordar e explicar la importancia da resposta as enquisas, concretamente das enquisas de Satisfacción do profesorado coa titulación mediante comunicación directa (correo electrónico, telefonicamente, persoalmente e nas reunións de profesorado).

Data prevista de finalización	31/12/2021
Responsable	Rita Radl Philipp
Estado	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MIXE-AM-5 (Curso 2020-2021)
<b>Orixe</b>	Plan de Melloras da Acreditación
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
<b>Análise causa</b>	<p>El INF 23: Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2019/2020, aínda que sinala un nivel de satisfacción por parte deste colectivo moi alto con unha media de 4,14 puntos, indica unha baixa participación do profesorado na presente enquisa que só foi do 28,57%, por debaixo do índice de resposta do curso anterior, do curso 2018/2019, no cal foi do 54,55%, case o 55%, cifra de participación esta última que foi no seu momento superior ao 50,6% de participación do profesorado do curso 2016-17.</p>
<b>Definición/ descrición proposta</b>	<p>Procurar desde a coordinación del Máster lograr o incremento da taxa de resposta en futuras edicións do Informe das enquisas de Satisfacción do profesorado coa titulación (2020/2021 e 2021/2022), referente ao primeiro e segundo año do máster, xa que a titulación ten carácter bianual.</p>
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Rita Radl Philipp
<b>Tarefa1</b>	MIXE-AM-5.1
<b>Descrición tarefa</b>	<p>Recordar e explicar la importancia da resposta as enquisas, concretamente das enquisas de Satisfacción do profesorado coa titulación mediante comunicación directa (correo electrónico, telefonicamente, persoalmente e nas reunións de profesorado).</p>

Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Rita Radl Philipp
Estado	Activa

■ Plan de Melloras  
 ■ Finalizadas Curso 2019-2020

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MIXE-AM-1 (Curso 2019-2020)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Debido a situación excepcional en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, que levou na segunda parte do 2º semestre a paralización total da docencia presencial na USC, concretamente a partir do día 13 de marzo de 2020 o desenvolvemento das súas actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación precisan dunha adaptación a esta imprevisible situación de emerxencia, non contemplada, por razóns obvias, no seu momento na memoria de verificación. Neste caso foi necesaria unha adaptación específica da docencia do máster á situación excepcional mencionada e seguir a docencia de forma non presencial (vía en liña e Campus Virtual) a partir do 13 de maio de 2020 ata o remate do curso.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Procurar desde a coordinación do Máster unha adaptación específica da docencia do máster en canto ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación á situación excepcional mencionada e seguir a docencia de forma non presencial (vía en liña e Campus Virtual) a partir do 13 de maio de 2020 ata o remate do curso 2019/2020 (guías docentes, uso Campus Virtual, docencia en liña, formas de avaliacións, etc..



Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 13/03/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 12/04/2021
Responsables	Rita Radl Philipp
Tarefa1	<a href="#">MIXE-AM-1.1</a>
Descrición tarefa	Lembrar e actuar desde a coordinación do máster para lograr unha adaptación específica da docencia do máster en canto ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación á situación excepcional mencionada e seguir a docencia de forma non presencial (vía en liña e Campus Virtual) a partir do 13 de maio de 2020 ata o remate do curso 2019/2020 (guías docentes, uso Campus Virtual, docencia en liña, formas de avaliación, etc.).
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Rita Radl Philipp
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">MIXE-AM-1.1. Comprobación N.º. 1</a>
Descrición Comprobación	Cabe destacar, que referente a adaptación específica da docencia do máster en canto ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación á situación excepcional en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, que levou na segunda parte do 2º semestre a paralización total da docencia presencial na USC, concretamente a partir do día 13 de marzo de 2020 o desenvolvemento das súas actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación (guías docentes, uso Campus Virtual, docencia en liña, formas de avaliacións, etc.) foron con eficacia adaptadas con un especial esforzo polo profesorado a

	<p>esta imprevisible situación de emerxencia, non contemplada, por razóns obvias, no seu momento na memoria de verificación.</p> <p>Estas adaptacións e melloras teñen seu reflexo nas Medidas especiais como consecuencia do COVID-19 do curso 2019-20 da facultade (Ver:<a href="https://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/medidas_especiais_covid_19_curso19_20.html">https://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/medidas_especiais_covid_19_curso19_20.html</a>) e, en concreto, nas guías docentes, publicadas na páxina web correspondente do centro.</p> <p>Así fixéronse e contempláronse as modificacións da avaliación das materias do máster referente ao 2º semestre e a 2º oportunidade das materias do 1º semestre, tal e como recolle e foi comunicado e publicado no seu momento no documento publicado na citada páxina web do centro. Mesmamente fixouse neste sentido unha modificación das avaliacións dos TFM, tamén aprobado, comunicado e publicado a través da páxina web do centro, que no presente caso afectou as 4 TFM pendentes e matriculadas do curso e da edición anterior do máster (Vexase: Modificación da avaliación das materias (2º semestre e 2º oportunidade de materias de 1º semestre: <a href="https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/2020_04_29_Resolucion_decanal_19_20.pdf">https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/2020_04_29_Resolucion_decanal_19_20.pdf</a> e Modificación das avaliacións dos TFG y TMF das 9 titulaciones do centro: <a href="https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/19_20_Resolucion-Decanal-Avaliacion-TFG-e-TFM-Facultade-de-CC-da-Educacion-18-Maio-2020.pdf_asinado-3.pdf">https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_educacion/descargas/Decanato/19_20_Resolucion-Decanal-Avaliacion-TFG-e-TFM-Facultade-de-CC-da-Educacion-18-Maio-2020.pdf_asinado-3.pdf</a>). (Arquivo: Evidencias Acción Mellora 2019-20 Master Igualdade finalizada.docx)</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>12/04/2021</p>
<p>Incidencias</p>	<p>--</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>--</p>

